



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 24 de febreiro de 2022 (1157/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(109).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 17 de febreiro e extraordinaria e urxente do 18 de febreiro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

**2(110).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE APLICACIÓNS EXTERNAS: CONTABILIDADE. EXPTE. 9766/113.**

Visto o informe xurídico do 14/02/2022 e o informe de fiscalización do 15/02/2022, dáse conta do informe proposta de data 11/02/2022, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Admon. Electrónica, polo xefe do Servizo de Admon. Electrónica, pola

concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **Antecedentes**

O Contrato para o Mantemento de aplicacións externas (Contabilidade 2021) (9348-113), foi adxudicado mediante procedemento negociado sen publicidade, por acordo da XGL de 25-02-2020 á empresa *SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.*, por un prezo total do contrato de 71.853,54 euros, incluíndo un IVE de 12.470,45 euros, segundo o seguinte detalle por partidas e anualidades a efectos de contabilidade:

<b>Concepto e partida</b>	<b>Exercicio</b>	<b>Prezo total</b>	<b>Importe IVE</b>
Mantemento de software - 9207.2279902	2021	31.853,54 €	5.528,30 €
Asistencia técnica - 9311.2279909	2021	30.000,00 €	5.206,61 €
	2022	10.000,00 €	1.735,54 €
Total Asistencia técnica:		<b>40.000,00 €</b>	<b>6.942,15 €</b>

O contrato foi formalizado en data 31/03/2021 entre a dita empresa e o Concello de Vigo, e polo tanto rematará o 31 de marzo de 2022.

### **Fundamentos de dereito:**

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.  
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
  - o Na cláusula 7 "Prazo de execución", do PCAP, figura que: "*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato*".
  - o No apartado 4.C das FEC figura: "*Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: si, unha prórroga dun ano de duración*".
  - o O contratista, manifestou por escrito o día 03-11-2021 o seu interese en proceder coa prórroga, mediante o documento co nº de rexistro 210221451.
  - o Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2021 e 2022
  - o No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que "*As cantidades a aboar en concepto de mantemento de software faranse efectivas durante o primeiro trimestre do exercicio, ou no seu caso do inicio do contrato. As cantidades a*



## Concello de Vigo

*aboar en concepto de asistencia técnica aboaranse unha vez sexan realizadas e fosen verificadas polos técnicos responsábeis dos servizos de Contabilidade."*

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 71.853,54 euros, dos cales 12.470,45 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

<i>partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Prezo total</i>	<i>Importe IVE</i>
9207.2279902	2022	31.853,54 €	5.528,30 €
9311.2279909	2022	30.000,00 €	5.206,61 €
9311.2279909	2023	10.000,00 €	1.735,54 €
		<b>71.853,54 €</b>	<b>12.470,45 €</b>

5. A empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento das aplicacións de Contabilidade do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "*En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*"

## PROPOSTA

1. Autorizar a prórroga do contrato para o Mantemento de aplicacións externas (Contabilidade 2021), polo período dun ano (do 1 de abril de 2022 ao 31 de marzo de 2023), conforme o TRLCSP e o apartado 4.C das FEC do PCAP do contrato, á empresa *T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.*
2. Autorizar o gasto de 71.853,54 euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902	2022	5.528,30 €	26.325,24 €	31.853,54 €
9311.2279909	2022	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
9311.2279909	2023	1.735,54 €	8.264,46 €	10.000,00 €

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(111).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DOS SERVIDORES CENTRAIS DO CPD. EXPTE. 9812/113.**

Visto o informe xurídico do 14/02/2022 e o informe de fiscalización do 15/02/2022, dáse conta do informe proposta de data 11/02/2022, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Admon. Electrónica, polo xefe do Servizo de Admon. Electrónica, pola concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

O contrato de Mantemento dos servidores centrais do CPD (expte. 9070-113), foi adxudicado mediante procedemento aberto, por acordo da XGL de 25-02-2020, á empresa *ECONOCOM SERVICIOS, S.A.*, por un prezo total de 30.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,61 €, con cargo á partida 9207.2279900 (Mantemento Hardware e Sist. Almacenamento).

O contrato foi formalizado en data 30/03/2021 e remata o 31 de marzo de 2022.



## Concello de Vigo

### Fundamentos de dereito:

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:

- Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que: *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adjudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato"*.
- No apartado 4.C das FEC figura: *"Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha"*.
- O contratista, manifestou por escrito o día 24-01-2022 o seu interese en proceder coa prórroga, mediante o documento co nº de rexistro 220017330.
- Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2021
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *"Dado que o tipo de contrato e de mantemento de equipamento segundo ás necesidades as cantidades a aboar en función do parque de equipos a cubrir faranse efectivas de xeito mensual, segundo ós equipos cubertos, podendo agruparse as facturas trimestralmente"*

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 30.000,00 euros, dos cales 5.206,61 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2279900 (Mantemento Hardware e Sist. Almacenamento)

A empresa *ECONOCOM SERVICIOS, S.A.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento dos servidores centrais do Centro de Proceso de Datos (CPD)

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: *"En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."*

## PROPOSTA

1. Autorizar a prórroga do contrato para o Mantemento dos servidores centrais do CPD (expte. 9070-113), polo período dun ano (do 1 de abril de 2022 ao 31 de marzo de 2023), conforme o TRLCSP e o apartado 4.C das FEC do PCAP do contrato, á empresa *ECONOCOM SERVICIOS, S.A.*
2. Autorizar o gasto de 30.000,00 euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentarias:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902	2022	5206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(112).-PRÓRROGA DO “CONTRATO DO SERVIZO DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DE CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DENDE O CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 18174/101.**

Visto o informe xurídico do 15/02/2022 e o informe de fiscalización do 18/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/2022, asinado pola xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía e pola concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de febreiro de 2021, adoptou o acordo de adxudicación da “Contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo”, expte. 18.174/101 a favor de ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) por un prezo total de 1.387.835,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 240.863,98 euros, e coa seguinte redución sobre os prezos unitarios recollidos no apartado 3.G da FEC:

- a) Realización da Estratexia de Comunicación xeral institucional: 50%
- b) Deseño da imaxe e proposta de creatividade de cada unha das campañas: 33,33%



## Concello de Vigo

- c) Deseño dos bandos institucionais: 41,18%
- d) Deseño dos anuncios de carácter obrigatorio e institucional: 44,44%
- e) Realización e produción de cuñas radiofónicas: 20%
- f) Redución dos custes correspondentes ás tarifas para cada un dos espazos dos medios de comunicación e soportes publicitarios exteriores recollidos no apartado 3.G.f

### 1.- PRENSA ESCRITA:

- 1) Faro de Vigo: 20,35%
- 2) La Voz de Galicia: 18,67%
- 3) Atlántico Diario: 11,90%

### 2.- RADIO:

- 1) Radio Vigo: 14,05%
- 2) COPE: 0%
- 3) Onda Cero: 30,50%
- 4) Kiss FM: 62,00%

### 3.- MEDIOS DIXITAIS:

- 1) La Voz de Galicia.es: 18,67%
- 2) Faro de Vigo.es: 20,35%
- 3) Atlántico Diario.es: 11,90%
- 4) Outros soportes (Galicia Ciencia, Vigo E, Vigoalminuto, Cies podcast, Galicia Confidencial, A Movida e Metropolitano): 9,39%

### 4.- TELEVISIÓN:

- 1) Televigo: 28,50%

g) Impresión do material gráfico detallado no apartado 3.G.g: 30,75%

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 2 de marzo de 2021 e na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o 03/03/2021. Están contempladas no apartado 4.C da FEC tres prórrogas de un ano cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

**Terceiro.-** Notificada a finalización do prazo inicial do contrato previsto para o día 2 de marzo de 2022, e solicitada conformidade para a prórroga do “Contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo”, (expte. 18.174/101) a empresa ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808), a súa conformidade coa prórroga en data 11 de xaneiro, polo período comprendido entre os días 3 de marzo de 2022 e 2 de marzo de 2023, ambos os dous incluídos. Atópase anexada ao expediente no trámite 446, nº de documento 220005360.

A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

A empresa foi notificada da finalización do prazo inicial do contrato en data 10 de xaneiro de 2022 e presta a súa conformidade coa primeira prórroga por un ano, en data 11/01/2022 (número de documento 220005360), polo período comprendido entre o 3 de marzo de 2022 e 2 de marzo do 2023, ambos os dous incluídos.

O referido apartado 4 das F.E.C. establece nun ano o prazo de execución do contrato, coa previsión no seu apartado C) de tres prórrogas dun ano cada unha.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga do contrato do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo” expte. 18.174/101 por un período dun ano, entre o 3 de marzo de 2022 e 2 de marzo do 2023, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o día 3 de marzo de 2022 ao 2 de marzo de 2023, ambos os dous incluídos.

**Sétimo.-** O importe da prórroga deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, nas aplicacións orzamentarias: 9121 2260 200 (anuncios bandos, campañas institucionais) por importe de 1.107.454,17 €; e 9120 2279 9069 (producción e seguimento plan de medios) por importe de 280.381,15 €.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato “Contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación





## Concello de Vigo

promovidas desde o Concello de Vigo” expte. 18.174/101 formalizado coa entidade mercantil ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) polo período comprendido entre o 3 de marzo de 2022 e 2 de marzo do 2023, ambos os dous incluídos.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato de servizos “Contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo” expte. 18.174/101 a favor da entidade mercantil ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) por importe total de 1.387.835,32 € (ive incluído) do vixente orzamento da Alcaldía con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 9121 2260 200 (anuncios bandos, campañas institucionais) por importe de 1.107.454,17 €:

Anualidad 2022: 1.071.454,17 €

Anualidad 2023: 36.000,00 €

- 9120 2279 9069 (producción e seguimento plan de medios): por importe de 280.381,15 €:

Anualidad 2022: 262.381,15 €

Anualidad 2023: 18.000,00 €

**Terceiro.-** Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) adxudicataria indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(113).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 14512/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 18/02/2022, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 13913/111

Sentenza nº 293 do 22 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 290/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos  
Expte(s): 38102/220, 35363/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por "complementos" de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 13923/111  
Sentenza nº 290 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 294/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.

Expte(s): 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por "complementos" de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 13926/111  
Sentenza nº 294 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 295/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.

Expte(s): 35363/220, 38266/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por "complementos" de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 14004/111  
Auto nº 49 do 10 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 6 de Bilbao  
Abreviado: 107/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 7-7-2021. Sanción de Trafico (N.I.C.)

Expte(s): 287343/280

Contía: 900,00 €

Este auto, que non é firme, declara a incompetencia territorial (como alegamos), do Xulgado do C-A de Bilbao.



## Concello de Vigo

A Tesourería-Recadación Executiva e o departamento de Seguridade deben coñecer o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 13976/111  
Sentenza nº 20 do 19 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 285/2021  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución do 7-7-2021. Sanción de Trafico, N.I.C.  
Expte(s): 287421/280  
Contía: 900,00 €

Esta “sentenza firme”, con base no que se di a partir do par. 2º do FD 3º, estima o recurso, anula a sanción e, aínda, nos impón as custas, taxadas.

A Tesourería-Recadación Municipal e o departamento de Seguridade deben “executar” o “resolto”.

6.- Contencioso. Expediente nº 14010/111  
Sentenza nº 12 do 18 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 284/2021  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia do 5-1-2022), danos por filtracións de auga no nº 15 da rúa Salamanca.  
Expte(s): 6368/243  
Contía: 295,60 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.  
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 14008/111  
Decreto nº 134 do 20 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 324/2021  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: desestimación presunta. RPA, danos nun vehículo por impacto de colector de reciclaxe o 26-11-2019.  
Expte(s): 6304/243  
Contía: Indeterminada

Acepta a desistencia do demandante.  
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 14055/111  
Decreto nº 25 do 17 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 347/2021  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: resolución do TE-A do C. de Vigo do 23-9-2021. IIVTNU, autoliquidación, rectificación.  
Expte(s): 5386/550  
Contía: 500,74 €

Acepta a desistencia da actora.

O TE-A do Concello de Vigo e o departamento de Ingresos-IIVTNU deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 14053/111

Decreto nº 24 do 15 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 348/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución do TE-A do C. de Vigo do 23-9-2021. IIVTNU, autoliquidación,rectificación.

Expte(s): 5387/550

Contía: 526,24 €

Acepta a desistencia da actora.

O TE-A do Concello de Vigo e o departamento de Ingresos-IIVTNU deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 14065/111

Decreto nº 135 do 20 de decembro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 361/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución do TE-A do C. de Vigo do 23-9-2021. IIVTNU, autoliquidación,rectificación.

Expte(s): 5398/550

Acepta a desistencia da actora.

O TE-A do Concello de Vigo e o departamento de Ingresos-IIVTNU deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 13989/111

Sentenza nº 1 do 10 de xaneiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 313/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade en ILT, vacacións e permisos.

Expte(s): 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade-Policía Municipal e a Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 13987/111

Sentenza nº 4 do 10 de xaneiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 310/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade en ILT, vacacións e permisos.

Expte(s): 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio.



## Concello de Vigo

O departamento de Persoal (e o de Seguridade-Policía Municipal e a Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 13988/111  
Sentenza nº 2 do 10 de xaneiro de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 311/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. “Complementos” de nouturnidade e festividade en ILT, vacacións e permisos.  
Expte(s): 35363/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Persoal (e o de Seguridade -Policía Municipal e a Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 14024/111  
Sentenza nº 308 do 23 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 331/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL do 5-8-2021 (en reposición). Retribucións; atrasos de “complementos” de festividade e nouturnidade (en IT, vacacións e permisos) e cálculo das horas extraordinarias, nos últimos 5 anos. Policía Municipal.  
Expte(s): 38102/220, 35363/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Persoal ( e o de Seguridade e Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 13919/111  
Sentenza nº 303 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 286/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL do 5-8-2021 (en reposición). Retribucións; atrasos de “complementos” de festividade e nouturnidade (en IT, vacacións e permisos) e cálculo das horas extraordinarias, nos últimos 5 anos. Policía Municipal.  
Expte(s): 38102/220, 35363/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Persoal ( e o de Seguridade e Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 13960/111  
Sentenza nº 287 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 301/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL do 5-8-2021 (en reposición). Retribucións; atrasos de “complementos” de festividade e nouturnidade (en IT, vacacións e permisos) e cálculo das horas extraordinarias, nos últimos 5 anos. Policía Municipal.  
Expte(s): 35363/220, 38149/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Persoal (e o de Seguridade e Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 13922/111  
Sentenza nº 299 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 293/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL do 5-8-2021 (en reposición). Retribucións; atrasos de “complementos” de festividade e nouturnidade (en IT, vacacións e permisos) e cálculo das horas extraordinarias, nos últimos 5 anos. Policía Municipal.  
Expte(s): 35363/220, 38149/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Persoal (e o de Seguridade e Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 14043/111  
Sentenza nº 305 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 333/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL do 5-8-2021 (en reposición). Retribucións; atrasos de “complementos” de festividade e nouturnidade (en IT, vacacións e permisos) e cálculo das horas extraordinarias, nos últimos 5 anos. Policía Municipal.  
Expte(s): 38102/220, 35363/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Persoal (e o de Seguridade e Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 13920/111  
Sentenza nº 284 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 291/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL do 5-8-2021 (en reposición). Retribucións; atrasos de “complementos” de festividade e nouturnidade (en IT, vacacións e permisos) e cálculo das horas extraordinarias, nos últimos 5 anos. Policía Municipal.  
Expte(s): 38102/220, 35363/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Persoal (e o de Seguridade e Tesourería-Nóminas),deben coñecer o resolto.



## Concello de Vigo

20.- Contencioso. Expediente nº 14063/111  
Sentenza nº 306 do 23 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 335/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL do 5-8-2021 (en reposición). Retribucións; atrasos de “complementos” de festividade e nouturnidade (en IT, vacacións e permisos) e cálculo das horas extraordinarias, nos últimos 5 anos. Policía Municipal.  
Expte(s): 38102/220, 35363/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Persoal (e o de Seguridade e Tesourería-Nóminas) deben coñecer o resolto.

21.- Contencioso. Expediente nº 13936/111  
Sentenza nº 285 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 296/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. “Complementos” de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.  
Expte(s): 35363/220, 38266/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por “complementos” de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.  
O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

22.- Contencioso. Expediente nº 13938/111  
Sentenza nº 300 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 298/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. “Complementos” de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.  
Expte(s): 35363/220, 38149/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por “complementos” de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.  
O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

23.- Contencioso. Expediente nº 13965/111  
Sentenza nº 295 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 305/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. “Complementos” de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.

Expte(s): 35363/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por “complementos” de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 13980/111  
Sentenza nº 288 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 306/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. “Complementos” de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.

Expte(s): 35363/220, 38149/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por “complementos” de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

25.- Contencioso. Expediente nº 13973/111  
Sentenza nº 286 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 307/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. “Complementos” de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.

Expte(s): 35363/220, 38149/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por “complementos” de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

26.- Contencioso. Expediente nº 13971/111  
Sentenza nº 301 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 308/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. “Complementos” de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.

Expte(s): 38102/220, 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por “complementos” de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.





## Concello de Vigo

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 13993/111  
Sentenza nº 291 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 314/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.  
Expte(s): 35363/220, 38149/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por "complementos" de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

28.- Contencioso. Expediente nº 14001/111  
Sentenza nº 296 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 315/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.  
Expte(s): 35363/220, 38149/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por "complementos" de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

29.- Contencioso. Expediente nº 13995/111  
Sentenza nº 292 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 319/2021  
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.  
Expte(s): 35363/220, 38149/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por "complementos" de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

30.- Contencioso. Expediente nº 14002/111  
Sentenza nº 297 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 320/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.  
Expte(s): 35363/220, 38149/220, 38266/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por "complementos" de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

31.- Contencioso. Expediente nº 14003/111  
Sentenza nº 302 do 22 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 323/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos  
Expte(s): 35363/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por "complementos" de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

32.- Contencioso. Expediente nº 14026/111  
Sentenza nº 309 do 23 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 337/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.  
Expte(s): 35363/220, 38266/220  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por "complementos" de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

33.- Contencioso. Expediente nº 14027/111  
Sentenza nº 304 do 23 de decembro de 2021  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 338/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal  
Obxecto: XGL 10-6-2021. "Complementos" de nouturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.  
Expte(s): 35363/220, 38149/220  
Contía: Indeterminada



## Concello de Vigo

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por desviación procesual o relativo ás horas extraordinarias e desestima a pretensión de atrasos por “complementos” de nouturnidade e festividade, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

## **6(114).- PRORROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 230281/301.**

Visto o informe xurídico do 09/02/2022 e o informe de fiscalización do 11/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 28/01/2022, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, polo xefe de Área, polaa concelleira-delegada de Política de Benestar Social, polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Área de Benestar Social, que di o seguinte:

### **I. ANTECEDENTES**

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou, na súa sesión ordinaria do 07.03.2019, adxudicar á entidade “QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.” (A-80106842) o procedemento aberto para a contratación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria do Concello de Vigo por un prezo de 280.800,00 € (IVE incl.).

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 16.04.2019, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 16.04.2019, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP).

I.4. Tramítase agora o expediente administrativo co nº 230281/301 (2022) do Servizo de Benestar Social e consta nel (e no expediente relacionado) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 21.01.2022, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade “QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.” (A-80106842) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

### **II. NORMATIVA RELACIONADA**

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admón. Públicas), no que non se opoña á LCSP.



## Concello de Vigo

- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 156/2007, de 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a calificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Guía de Fiscalización da Contratación (versión 01\_2021).

### III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

#### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo

en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuir tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

## III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter



## Concello de Vigo

periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.4. O contrato formalizado con “QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.” é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos a partir do 16.04.2019 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.5. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política de Benestar Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dun Servizo que ten como obxectivos os seguintes:

Xerais:

- A permanencia das persoas no seu medio habitual proporcionándolles seguridade no seu domicilio.
- Facilitar a intervención inmediata nas crises persoais, sociais ou médicas.
- Evitar internamentos nos centros.

Específicos:

- Conexión permanente entre a persoa usuaria e o centro de atención.
- Dar apoio inmediato a través da liña telefónica.
- Actuar no propio domicilio en situacións de emerxencia, mobilizando os recursos necesarios.
- Recordar ó/a usuario/a a realización de actividades concretas (visitas médicas, medicación,...).

III.2.6. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no

contrato orixinal suscrito o 16.04.2019, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.

III.2.7. O gasto representado por esta prórroga, que é de 93.600€, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.11 dos orzamentos municipais; 66.300€ ó exercicio de 2022 (do 16.04.2021 ó 31.12.2022) e 27.300€ ó exercicio de 2023 (do 01.01.2023 ó 15.04.2023).

III.2.8. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.9. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

#### IV. CONCLUSIÓNS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 16.04.2019 polo Concello de Vigo coa entidade "QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.", toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato de servizos formalizado para a prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria do Concello de Vigo permanecerán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- e) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

#### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 16/04/2022 e ata o 15/04/2023, o contrato do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria do Concello de Vigo, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 07.03.2019 á entidade "QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A." (A-80106842) por un prezo de 280.800,00 € (IVE incl.) e formalizado en documento administrativo o 16.04.2019, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrogase nas mesmas condicións inicialmente





## Concello de Vigo

convidas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal subscrito o 16.04.2019.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 93.600€ que representa esta prórroga a favor de "QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.", que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.11, correspondendo 66.300€ ó exercicio de 2022 (do 16.04.2021 ó 31.12.2022) e 27.300€ ó exercicio de 2023 (do 01.01.2023 ó 15.04.2023).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(115).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PRESTACIÓN DO PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 230296/301.**

Visto o informe xurídico do 17/02/2022 e o informe de fiscalización do 11/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/01/2022, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Área de Benestar Social, pola xefa do servizo de Benestar Social, polo xefe de Área, pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou, na súa sesión ordinaria do 21.05.2020, adxudicar á E.I.L. "CORMO INTEGRAL S.L.U." (B-36.952.166) o procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do Programa de Coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo, reservado a empresas de inserción (Disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP), por un prezo de 1.060.070,35 €.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 15.06.2020, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución

inicial, que é de dous (2) anos, contado a partir do día seguinte á última sinatura dixital do mesmo, mediante unha (1) prórroga dun (1) ano de duración.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP).

I.4. Tramítase agora o expediente administrativo co nº 230296/301 (2022) do Servizo de Benestar Social e consta nel (e no expediente relacionado) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 19.01.2022, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade "CORMO INTEGRAL S.L.U." e Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (constan no Exp. nº 194221/301; trámites núms. 368 e 157, respectivamente).

#### II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RD.Lex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.



## Concello de Vigo

- Decreto 156/2007, de 19 de julio, polo que se regula o procedemento para a calificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Guía de Fiscalización da Contratación (versión 01\_2021).

### IV. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

#### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos*

*municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúisen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

### III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – PROGRAMA COIDADORES DE BARRIO: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.4. O contrato formalizado con “CORMO INTEGRAL S.L.U.” é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de dous (2) anos desde o 16.06.2020 (día seguinte ó da última sinatura electrónica no documento contractual: cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante unha (1) prórroga dun (1) ano.



## Concello de Vigo

III.2.5. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social (responsable das cuestións prácticas relativas á marcha do Servizo e da emisión das directrices ó/á coordinador/a do contratista) como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política de Benestar Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dun Programa que ten como obxectivos xerais os seguintes:

- Prestar un servizo á cidadanía de Vigo máis vulnerable e con maiores dificultades de inclusión por razóns de idade, limitacións de mobilidade, discapacidades, carencia de rede familiar e/ou social, etc., a fin de que poidan realizar unha vida o máis normalizada posible, saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.
- Garantir a protección dos dereitos das persoas maiores.
- Promover o desenvolvemento dunha existencia digna e autónoma no medio habitual da persoa e en todos os ámbitos da vida, en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
- Incorporar ó mercado laboral a persoas en situación ou risco de exclusión social para que se convirtan en axentes activos do seu propio proceso de empregabilidade.

III.2.6. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 15.06.2020, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.

III.2.7. O gasto representado por esta prórroga, que é de 530.035,18€ (287.102,33€ do 16.06.2022 ó 31.12.2022 + 242.932,85€ do 01.01.2023 ó 15.06.2023), podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.02 dos orzamentos municipais.

III.2.8. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.9. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

## IV. CONCLUSIÓNS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 15.06.2020 polo Concello de Vigo coa entidade "CORMO INTEGRAL S.L.U.", toda vez que:

- f) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.

- g) A concorrancia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- h) As características do contrato de servizos formalizado para a execución do Programa de Coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social permanecerán inalterables.
- i) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- j) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

## V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 16/06/2022 e ata o 15/06/2023, o contrato de servizos de prestación do Programa de Coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo, reservado a empresas de inserción (Disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP), adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 21.05.2020 á entidade “CORMO INTEGRAL S.L.U.” (B-36.952.166) por un prezo de 1.060.070,35 € e formalizado en documento administrativo o 15.06.2020, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrógase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 15.06.2020.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 530.035,18€ que representa esta prórroga a favor de “CORMO INTEGRAL S.L.U.”, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.02, correspondendo 287.102,33€ ó exercicio de 2022 (do 16.06.2022 ó 31.12.2022) e 242.932,85€ ó exercicio de 2023 (do 01.01.2023 ó 15.06.2023).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **8(116).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS. EXPTE. 87871/250.**

Visto o informe de fiscalización do 21/02/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/02/2022, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250)

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do “SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.170.000,00 €.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras en data 29/09/2021, e os seus anexos asinados en data 02/08/2021.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 30/09/2021.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CENTO SETENTA MIL EUROS (1.170.000,00 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 203.057,85 €.*

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.00 ("Conservación de viais e espazos públicos"), segundo a distribución de anualidades proposta.

	2021	2022	2023	TOTAL
Lote nº 1: Subministro de formigóns e morteiros	33.333,33 €	200.000,00 €	166.666,67 €	400.000,00 €
Lote nº 2: Subministro de áridos	8.333,33 €	50.000,00 €	41.666,67 €	100.000,00 €
Lote nº 3: Subministro de materiais de construción	37.500,00 €	225.000,00 €	187.500,00 €	450.000,00 €
Lote nº 4: Subministro de materiais de ferretería	13.333,33 €	80.000,00 €	66.666,67 €	160.000,00 €
Lote nº 5: Subministro de formigón bituminosos	5.000,00 €	30.000,00 €	25.000,00 €	60.000,00 €
TOTAL	97.499,99 €	585.000,00 €	487.500,01 €	1.170.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 4 de xaneiro de 2022 polo que non se admite neste procedemento a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. por non presentar correctamente a documentación persoal (ao non declarar no DEUC non estar incurso en motivos de exclusión).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Subministro de formigóns e morteiros":

Orde	Licitadores	Puntuación
------	-------------	------------





## Concello de Vigo

1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	100,00 puntos
---	-----------------------------	---------------

- Lote 2 "Subministro de áridos":

Orde	Licitadores	Puntuación
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	100,00 puntos
2	GARCI VENTA, S.L.	97,59 puntos

- Lote 3 "Subministro de materiais de construción":

Orde	Licitadores	Puntuación
1	GARCI VENTA, S.L.	100,00 puntos

- Lote 4 "Subministro de materiais de ferretería":

Orde	Licitadores	Puntuación
1	GARCI VENTA, S.L.	100,00 puntos

- Lote 5 "Subministro de formigón bituminosos":

Orde	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	100,00 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2) (B-36.741.379), GARCI VENTA, S.L. (lotes 3 e 4) (B-36.797.470) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (lote 5) (A-36.008.886), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lotes 3 e 4) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (lote 5), o día 21 de xaneiro de 2022, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

Logo da súa cualificación a Mesa acordou, na sesión que tivo lugar o 11 de febreiro de 2022, conceder aos tres licitadores un prazo de tres días para a emenda da documentación.

Durante o prazo concedido, os licitadores presentaron nova documentación en prazo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de febreiro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lotes 3 e 4) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (lote 5), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar os cinco lotes deste contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante, en cada un dos lotes, é a formulada por TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lotes 3 e 4) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (lote 5), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas as través de fórmula, de data 17 de xaneiro de 2022.



## Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250) coas seguintes condicións:*

- O importe máximo do lote 1 “Subministro de formigóns e morteiros” é de 400.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.421,49 euros.*
- Propón unha baixa proporcional única do 13,52% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo I do PPT para o lote 1.*
- Propón unha baixa proporcional única do 18,52% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo I do PPT para o lote 1, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.*
- O importe máximo do lote 2 “Subministro de áridos” é de 100.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.355,37 euros.*
- Propón unha baixa proporcional única do 21,76% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo II do PPT para o lote 2.*
- Propón unha baixa proporcional única do 26,76% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo II do PPT para o lote 2, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.*

*Adxudicar a GARCI VENTA, S.L. os lotes 3 e 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250) coas seguintes condicións:*

- O importe máximo do lote 3 “Subministro de materiais de construción” é de 450.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.099,17 euros.*
- Propón unha baixa proporcional única do 21% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo III do PPT para o lote 3.*
- Propón unha baixa proporcional única do 21% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo III do PPT para o lote 3, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.*
- O importe máximo do lote 4 “Subministro de materiais de ferretería” é de 160.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.768,60 euros.*
- Propón unha baixa proporcional única do 26% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo IV do PPT para o lote 4.*
- Propón unha baixa proporcional única do 26% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo IV do PPT para o lote 4, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.*

*Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) o lote 5 "Subministro de formigón bituminosos" do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250) por un importe máximo de 60.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.413,22 euros, cunha baixa proporcional única do 15,41% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo V do PPT para o lote 5 e cunha baixa proporcional única do 20,41% a aplicar aos elementos non incluídos no Anexo V do PPT para o lote 5, pero pertencentes ás mesmas familias de produtos que se inclúen no lote.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(117).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA O PERSOAL INTERINO E PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 36576/220.**

Visto o informe de fiscalización do 21/02/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 18/02/2022, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220)

## **ANTECEDENTES**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** Con data do 30 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da “PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA O PERSOAL INTERINO E LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO”, cun orzamento base de licitación 102.406 € (exento de IVE).*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de data 23/06/2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares de data 30/07/2021, que rexerá o contrato.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de CIENTO DOUS MIL CATROCENTOS SEIS € (102.406 €.)*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo da partida orzamentaria 2210.1620500 e a súa bolsa de vinculación xurídica.*

*Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:*

*2021: 4.266,92 €*

*2022: 51.203 €*

*2023: 46.936,08 €*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	SURNE MUTUA DE SEGUROS	95,00 puntos
2	ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	90,46 puntos
3	AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	76,01 puntos
4	VIDACAIXA, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS	72,51 puntos
5	ZURICH VIDA, S.A.U.	63,69 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SURNE MUTUA DE SEGUROS (V-48.083.521), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SURNE MUTUA DE SEGUROS, o día 21 de xaneiro de 2022, que presenta a documentación requirida o 2 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Logo da súa cualificación a Mesa acordou, na sesión que tivo lugar o 11 de febreiro de 2022, conceder ao licitador un prazo de tres días para a emenda da documentación.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou nova documentación o 17 de febreiro de 2022.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de febreiro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SURNE MUTUA DE SEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



## Concello de Vigo

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SURNE MUTUA DE SEGUROS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis a través de fórmula de data 14 de xaneiro de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SURNE MUTUA DE SEGUROS (V-48.083.521) o procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 33.390,00 euros (exento de IVE) (prima anual de 16.695 euros).*
- b) *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*
  - *Subministro de cadeira de rodas en caso de incapacidade permanente Absoluta ata 3.000€*
  - *Adaptación do domicilio ou vehículo do asegurado en caso de Invalidez Absoluta por calquera causa ata 3.000 euros*
  - *Reembolso de gastos por prótese en caso de invalidez permanente absoluta ata 3.000 euros*
- c) *Comprométese a incrementar as garantías aseguradas recollidas na cláusula 7 do PPT nas seguintes contías:*
  - *Invalidez absoluta e permanente e Gran Invalidez c/ causa: 5.000 euros adicionais*
  - *Falecemento por accidente: 5.000 euros adicionais*
  - *Falecemento por accidente de circulación: 5.000 euros adicionais*
  - *Para o cálculo da prima de licitación e tratándose dun contrato a dous anos sen posibilidade de prórroga propónse unha prima de 105 euros por asegurado con independencia do sexo e a idade da persoa asegurada*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(118).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 3815/440.**

Visto o informe de fiscalización do 21/02/2022, dáse conta do informe-proposta asinado pola xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación do expediente.** A Xunta de Goberno Local aprobou na sesión extraordinaria e urxente do 21 de outubro de 2016, o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a prestación dos SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO, o prego de prescricións técnicas particulares mailo prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación, así como, a autorización do gasto.

**2.- Adxudicación.** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 03 de febreiro de 2017, acordou adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (expediente 3815/440), por un prezo total do contrato de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros.

**3.- Formalización do contrato.** Con data 26 de abril de 2017 asinouse o contrato entre o Concello de Vigo e a mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., como empresa adxudicataria para a prestación dos servizos de limpeza dos Colexios Públicos e das Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, de conformidade co citado acordo de adxudicación, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/04/2017 de continuar coa tramitación do expediente, unha vez resolto o recurso especial en materia de contratación interposto contra a devandita adxudicación.

**4.- Prazo.** O prazo do contrato é de 4 anos a contar dende o 1 de maio de 2017, estando contempladas dúas prorrogas de un ano cada unha.

**5.- Revisións de prezos.** De conformidade coa cláusula 31.1 do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAP), a Xunta de Goberno Local acordou aprobar, tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión, as seguintes revisións de prezos do contrato de servizos de Limpeza dos Colexios Públicos e das Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo a favor da adxudicataria MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.U. (CIF B-15.857.220):

- en sesión de 4 de xullo de 2019 aprobou a primeira revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2018, resultando un novo prezo anual de **2.831.631,15 euros**, IVE incluído.

- en sesión do 19 de febreiro de 2021 aprobou a segunda revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2019, resultando un novo prezo anual de **2.842.957,67 euros**, IVE incluído.





## Concello de Vigo

- en sesión do 19 de febreiro de 2021 aprobou a terceira revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2020, resultando un novo prezo anual de **2.854.898,08 euros**, IVE incluído.

**6.- Prórroga do contrato.** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2021, acordou aprobar a primeira prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 1 de maio de 2021 e o 30 de abril de 2022, autorizando e comprometendo o importe de 2.854,898,08 euros correspondente ao período dunha anualidade desta prórroga.

### II.- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

**1º.-** A cláusula 31 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) establece que:

*"1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ao responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.*

*2.- O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*

*3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación."*

O apartado 3.j) das FEC dispón que:

*"A revisión do prezo do contrato realizarase a partir do primeiro ano da execución do contrato. O coeficiente de revisión do prezo aplicable será o ÍNDICE DO SECTOR DE ACTIVIDADES DE LIMPEZA (incluído no índice de prezos do sector servizos\_IPS, publicado polo INE). Dito coeficiente será de aplicación ao Importe dos custes de execución do contrato (IEM). Este importe será igual o prezo de adjudicación do contrato excluindo do mesmo os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE. O IEM deberá ser especificado polo licitador no orzamento desglosado axuntado co sobre C."*

Polo tanto, como queira que o contrato se iniciou o 1 de maio de 2017, tendo transcorrido o prazo sinalado no citado apartado 3.J. das FEC, e aprobadas pola Xunta de Goberno Local a primeira, segunda e terceira revisións de prezos, procedería a revisión de prezos para o seguinte período:

**Cuarta revisión dende o 1 de maio de 2021.**– Para aplicar ao período de contrato do 1 de maio de 2021 a 30 de abril de 2022.

### **2º.- Cálculos para a revisión de prezos.**

**Índices.-** Para o calculo da revisión téñense en conta os seguintes datos:

Índices de prezos do sector de servizos.

Índice Actividades de Limpeza:

2do trimestre 2020	101,552
3er trimestre 2020	101,643
4to trimestre 2020	101,589

1er trimestre 2021	101,748
2do trimestre 2021	101,745
3er trimestre 2021	101,831

### Cálculo do IEM

Oferta:	11.323.180,00 €
IVE	1.965.180,00 €
Importe sen IVE	9.358.000,00 €
Importe anual (sen IVE)	2.339.500,00 €
Gastos xerais e Beneficio industrial (4,22%)	94.757,30 €
Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM)	2.244.760,30 €

### Data de referencia para aplicación do índice (art. 89.4 TRLCSP)

A revisión de prezos farase respecto da data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de oferta, ou respecto da data en que termine dito prazo de tres meses si a adxudicación se produce con posterioridade.

Fin de presentación ofertas	02/12/2016
Tres meses	02/03/2017
Data de formalización	26/04/2017

### Cuarta revisión de prezos

		índices
Data inicial de referencia para 4ª revisión	Maio 2020	101,552
Data final de referencia para 4ª revisión	Abril 2021	101,745
Valor diferencial para revisión	$((101,745/101,552)-1)*100$	0.19%
Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM) tras a 3ª revisión de prezos		2.263.884,00 €
Incremento do 0,19 %		4.301,38 €
NOVO PREZO (IEM)		2.268.185,38 €
GG+BI (4,22%)		95.717,42 €
Novo Importe anual sen IVE		2.363.902,80 €
IVE (21%)		496.419,59 €
<b>Novo importe anualidade para período 01/05/2021 ata 30/04/2022</b>		<b>2.860.322,39 €</b>
<b>Novo importe mensual</b>		<b>286.032,24 €</b>

**3º.- Atrasos.** En consecuencia co anteriormente exposto existen atrasos nos seguintes importes:

Atrasos cuarta revisión de prezos do 1 de maio de 2021 a 31 de xaneiro de 2022 (7 meses):  
 $(286.032,24 - 285.489,81)*7 = 3.797,01$  euros.



## Concello de Vigo

### III.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS DA REVISIÓN DE PREZOS

O artigo 94 do TRLCSP establece que “O importe das revisións que procedan se fará efectivo, de oficio, mediante o abono ou o desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non teñan podido incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

A cláusula 31 do PCAP establece que “o importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.”

Para poder afrontar o gasto indicado, detraerase esta obriga económica da aplicación orzamentaria 3230.227.0000 “Limpeza colexios”.

### IV.- COMPETENCIA E PROPOSTA.

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017), establece na súa Disposición transitoria primeira que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09/03/2018) se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Por razóns temporais son de aplicación a este contrato, adxudicado pola XGL o 3 de febreiro de 2017 e cuxo anuncio de licitación publicouse no DOUE o 26 de outubro do 2016, os artigos 89 e seguintes do TRLCSP 3/2011, antes da súa modificación pola Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, en cuxa Disposición transitoria se establece que o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do TRLCSP cuxo expediente de contratación se iniciase antes da entrada en vigor do Real Decreto de desindexación ao que se refiren os artigos 4.3 e 5 da Lei (03/02/2017) será o previsto nos Pregos correspondentes. A estes efectos, se entenderá que os expedientes de contratación foron iniciados se se tivese publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, é o órgano competente para adoptar o acordo de revisión de prezos (art. 127 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, e Disposición Adicional segunda. apdo. 3 TRLCSP).

Previamente a remitir expediente á Secretaría da Xunta de Goberno Local, para a súa inclusión na orde do día, a Intervención Xeral deberá emitir informe de fiscalización favorable (art. 214 TRLRFL e Disposición Adicional segunda, apdo. 8 TRLCSP).

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2021 a favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U con CIF *ESB15857220* como adxudicataria do contrato de *SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO*, resultando tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión un novo prezo anual de **2.860.322,39 euros**, IVE incluído, de acordo cos seguintes cálculos:

Valor do Importe anual dos custes de execución do contrato (IEM)tras a 3ª revisión de prezos	2.263.884,00 €
Incremento do 0,19 %	4.301,38 €
NOVO PREZO (IEM)	2.268.185,38 €
GG+BI (4,22%)	95.717,42 €
Novo Importe anual sen IVE	2.363.902,80 €
IVE (21%)	496.419,59 €
<b>Novo importe anualidade para período 01/05/2021 ata 30/04/2022</b>	<b>2.860.322,39 €</b>
<b>Novo importe mensual</b>	<b>286.032,24 €</b>

Para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria 3230.227.0000 "Limpeza colexios".

**Segundo.-** Recoñecer en concepto de atrasos polos períodos comprendidos entre o 1 de maio de 2021 a 31 de xaneiro de 2022 a cantidade total de **3.797,01 euros** a favor de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(119).- ACTUALIZACIÓN DAS TÁBOAS DE RETRIBUCIÓN DE TÉCNICOS - XESTORES E BENEFICIARIOS DO "ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIO-LABORAIS DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007". EXPTE. 18945/77.**

Visto o informe de fiscalización do 15/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. O *Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano.*

II. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de marzo de 2021, adoptou o acordo de "Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007", (Exp.**18014/77**) derivadas da entrada en vigor da Lei 11/2020, do 30 de decembro, polo



## Concello de Vigo

que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 0,9% con efectos desde o 01/01/2021, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente, dacordo co reflectido na táboa publicada no BOP n.º 61 do 31 de marzo de 2021.

III. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de outubro do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Exp.18714/77), derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos desde o 01/09/2021, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. Actualización

No BOE núm. 312 do 29/12/2022, publicouse a Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece no seu Art. 19 as Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica na materia de gastos de persoal ao servizo do sector público, dispoñendo no apartado Dous, que no ano 2022, *as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2% respecto das vixentes a 31 de decembro de 2021, en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como a antigüidade dos mesmos.*

Tendo en conta esta disposición, cómpre a actualización e incremento do 2% en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego no ano 2022, resultando de aplicación con efectos desde o 01/01/2022 a **Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego** que actualmente están contratados nos programa de cooperación RISGA “Rehabilitación de lavadoiros municipais da cidade de Vigo” e para a categoría de **Técnicos e xestores**, que actualmente están contratados nos Obradoiros de Emprego en funcionamento “**Vigo Capacita VII**” e “**Formaweb IV**” ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, segundo os importes e desglose recollidos, segundo categoría profesional, nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

O incremento salarial derivado desta suba por importe de **2.366,81 €**, imputarase con cargo ás partidas indicadas a continuación:

#### - “REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS DA CIDADE DE VIGO”:

**-1.330,16 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 “GTOS PERSOAL REHAB. LAVADOIROS DE VIGO”.

-00,00 € con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 "S SOC REHAB LAVADOIROS DE VIGO". Nesta partida non procede importe atrasos, porque dende o mes de setembro de 2021, en base o artigo 35. Bases mínimas de cotización por contingencias comúnes, por horas aplicables os contratos de traballo a tempo parcial.

- **OE "FORMAWEB IV":**

- **348,68 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 "GASTOS PERSOAL FORMAWEB IV"

- **114,19€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600009 "SEGURIDADE SOCIAL FORMAWEB IV"

- **OE "VIGO CAPACITA VII":**

- **432,23 € €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310010 GASTOS PERSOAL "VIGO CAPACITA VII"

- **141,55 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600010 SEGURIDADE SOCIAL "VIGO CAPACITA VII"

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Actualizar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, as retribucións incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor da Lei 22/2021, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente, tal e como se amosa na táboa que se inclúe no Anexo I deste expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o incremento salarial por importe total de **2.366,81 €** derivados da entrada en vigor de dita norma con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **"REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS DA CIDADE DE VIGO":**

-**1.330,16 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 "GTOS PERSOAL REHAB. LAVADOIROS DE VIGO".



## Concello de Vigo

- **00,00 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 "S SOC REHAB LAVADOIROS DE VIGO".

- **OE "FORMAWEB IV":**

- **348,68 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 "GASTOS PERSOAL FORMAWEB IV"

- **114,19 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600009 "SEGURIDADE SOCIAL FORMAWEB IV"

- **OE "VIGO CAPACITA VII":**

- **432,23 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 310010 GASTOS PERSOAL "VIGO CAPACITA VII"

- **141,55 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600010 SEGURIDADE SOCIAL "VIGO CAPACITA VII"

**CUARTO:** Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, e ordenar a publicación da táboa salarial actualizada no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ANEXO I**

Táboas retributivas do persoal acollido ao "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", derivadas da actualización salarial segundo Ley 22/2021, do 28 de decembro Presupuestos Generales del Estado.

**BENEFICIARIOS:**

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	1876,57	312,76	2189,33	2189,33	84/a	32,75	717,01	2906,34
Diplomado	1601,03	266,84	1867,87	1867,87	84/a	32,75	611,73	2479,60
Xefe administrativo	1277,05	212,84	1489,89	1489,89	84/a	32,75	487,94	1977,83
Delineante	1277,05	212,84	1489,89	1489,89	84/-	32,75	487,94	1977,83
Técnico PRL	1277,05	212,84	1489,89	1489,89	84/-	32,75	487,94	1977,83
Capataz-construción.	1277,05	212,84	1489,89	1489,89	84/d	37,80	563,18	2053,07
Auxiliar topografo	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/-	32,75	415,45	1683,99
Oficial albanel	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/d	37,80	479,51	1748,05
Oficial carpintería metálica.	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/d	37,80	479,51	1748,05
Oficial carpintería aluminio	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/d	37,80	479,51	1748,05
Oficial carpintería madeira	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/d	37,80	479,51	1748,05
Oficial conducción	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/f	37,80	479,51	1748,05
Oficial desinfección	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/g	37,80	479,51	1748,05
Oficial electricista	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/d	37,80	479,51	1748,05
Oficial fontaneiro	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/d	37,80	479,51	1748,05
Oficial mecánica automoción	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/d	37,80	479,51	1748,05
Oficial pintor	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/d	37,80	479,51	1748,05
Oficial xardinaria	1087,32	181,22	1268,54	1268,54	84/g	34,70	440,18	1708,72
Auxiliar administrativo	984,30	164,05	1148,35	1148,35	84/a	32,75	376,08	1524,43
Peón construción	984,30	164,05	1148,35	1148,35	84/d	37,80	434,08	1582,43
Peón xardinaria-forestal.	984,30	164,05	1148,35	1148,35	84/g	34,70	398,48	1546,83

#### TÉCNICOS E XESTORES:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custes totais
Titulado superior	2.460,40 €	410,07 €	2.870,47 €	2.870,47	84	32,75	940,08	3.810,54
Titulado medio	1.984,61 €	330,77 €	2.315,38 €	2.315,38	84	32,75	758,29	3.073,66
Experto docente	1.825,98 €	304,33 €	2.130,31 €	2.130,31	84	32,75	697,68	2.827,99
Oficial administrativo	1.350,23 €	225,04 €	1.575,27 €	1.575,27	84	32,75	515,90	2.091,17

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(120).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO” PARA O APOIO AO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES. EXPTE. 11326/224.**

Visto o informe xurídico do 26/01/2022 e o informe de fiscalización do 15/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/01/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.





## Concello de Vigo

O artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL), establece que o Municipio exercerá como competencias propias a materia de “Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.

O artigo 27 da LBRL faculta á Comunidade Autónoma de Galicia para delegar competencias da súa titularidade que se refiran a calquera tipo de ámbito material, citándose expresamente, no apartado c) do número 3 a “Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre indicar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos.
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario.

- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa apoiar os proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto "Sororidade".
- Área de reincorporación psico-social, proxecto "Activas".
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto "Visibles".
- Área de formación, proxecto "Con perspectiva de xénero".

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria "Programa actividades 2022" que a entidade presenta ao Concello e que se incorpora neste expediente.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 30% da subvención que se concede.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Asemade, o orzamento aprobado para o Concello de Vigo para o exercicio 2022, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00 €, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo.

Por isto, e previos os preceptivos informes da Asesora Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

"1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo" e o Concello de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará durante o período de 1 de novembro de 2021 ao 31 de outubro de 2022.



## Concello de Vigo

2º. Autorizar o gasto de 30.300,00€ (trinta mil trescentos euros) con cargo á partida orzamentaria 2311 4890004 *Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará do 1 de novembro de 2021 ao 31 de outubro de 2022*, do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme co artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e co artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

4º. Aprobar o texto que de seguido se di:

“Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil vinte e dous

### **REUNIDAS**

Dunha parte, D<sup>a</sup>. Eugenia Dolores Blanco Iglesias, na súa condición de concelleira delegada da Área de Igualdade e Normalización Lingüística, por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 modificada polas Resolucións de datas 17 de agosto de 2020 e 16 de abril de 2021 sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021, asistida pola secretaria de Goberno Local, D<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña, para os efectos de dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 11326-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos.
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario.
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

**II.** Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

**III.** Que o Concello de Vigo, no seu orzamento aprobado para o exercicio 2022, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00 €, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo.

**IV.** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto "Sororidade".
- Área de reincorporación psico-social, proxecto "Activas".
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto "Visibles".
- Área de formación, proxecto "Con perspectiva de xénero".

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria "Programa actividades 2022" que se incorpora como Anexo neste expediente.

**V.-** Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que achega a entidade beneficiaria, documento que se incorpora ao expediente deste convenio.



## Concello de Vigo

**VI.** Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

**VII.** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo, o Concello de Vigo e a dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### **PACTOS**

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo nos labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no apoio á formación continua das voluntarias da Rede que realizan os ditos acompañamentos así como ás xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Asemade, no marco desta subvención inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará desde o mes de novembro de 2021 ata o mes de outubro de 2022, e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero, proxecto “Sororidade”.
- Área de reincorporación psico-social, proxecto “Activas”.
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto “Visibles”.
- Área de formación, proxecto “Con perspectiva de xénero”.

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2022” que se incorpora como Anexo neste expediente.

As accións prioritarias obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soidade e angustia, transmitíndolles apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

#### **SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA**

1. A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotar as mulleres voluntarias da entidade daqueles mecanismos sociais de apoio as vítimas, para acompañar os casos de vítimas de violencia de xénero; especialmente o colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos

como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

2. Derivar a todas as beneficiarias dos acompañamentos que realice a entidade beneficiaria ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), servizo adscrito á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, servizo responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

3. Comunicar á Concellería de Igualdade con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE, enderezo e teléfono/s de contacto.

Calquera dato de carácter persoal que a entidade obteña ao abeiro deste convenio non poderá ser obxecto de uso particular, nin cesión a terceiras persoas. Os datos necesarios que a entidade solicitante debe obter para cumprir as obrigas establecidas neste convenio deberán recollese, previa autorización asinada das mulleres beneficiarias dos programas obxecto deste convenio. Esa autorización firmada deberá recoller o uso que se vai facer dos datos, así como que serán cedidos exclusivamente á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo. En todo caso, deberá estar suxeito á normativa vixente de uso, protección e tratamento de datos de carácter persoal.

4. Achegar trimestralmente á Concellería de Igualdade as “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” (Anexo I), debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos, pola responsable do programa na entidade, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Este documento deberá vir conformado pola presidenta da entidade.

5. A Entidade beneficiaria Rede de Mulleres veciñais contra os Malos Tratos asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia. Principalmente no referente aos datos especialmente protexidos e co recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial como é o caso na situación de vítimas de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra as mulleres.

6. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Concellería de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice e se enmarquen no “programa de actividades 2022” que presentou ao convenio, incluída a paxina web, blog e redes sociais propias. Asemade, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da asociación en toda intervención que realice por calquera medio ante os medios de comunicación.

Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado na cláusula oitava “Publicidade”.



## Concello de Vigo

7. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin. Inclúiranse os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do seu programa (especialmente, e de xeito prioritario as mulleres vítimas de violencia de xénero).
8. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.
9. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.
10. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.
11. Cumprir coa normativa sanitaria vixente, adaptando a organización das actividades e a atención ás usuarias ás normas e instrucións que vaian ditando as autoridades sanitarias en cada momento, en relación a prevención sanitaria fronte á Covid-19.
12. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.
13. As obrigas da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

### **TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO**

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Achegar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social) a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo, unha subvención por importe de 30.300,00 € co obxecto de coadxuvar o financiamento da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

### **CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

#### **QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA**

1. O Concello de Vigo aboará o importe da axuda en tres partes:

a) A primeira, por importe de 9.090,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

b) A segunda por importe de 10.605,00€ no mes de xuño, tras a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

c) A terceira por importe de 10.605,00€ no mes de novembro, previa certificación do departamento de Igualdade que acredite o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

2. Antes de proceder a cada pago da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### **SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN**

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.





## Concello de Vigo

### **SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.
- A xefa do servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
- Unha técnica do servizo de Igualdade.

Actuará como secretaria delegada unha das vogais da comisión que se designará para tal fin.

### **OITAVO.- PUBLICIDADE**

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade deste convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo" en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no período que abrangue este convenio e que se enmarquen no seu programa de actividades incorporado como Anexo neste expediente. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará en lugar visible para o público un cartel que identifique ao Concello de Vigo e a Concellería de Igualdade e indique que o acto/actividade que se está a realizar está financiado polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á paxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará á Concellería de Igualdade, coa suficiente antelación, a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello.

Asemade, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da asociación en toda intervención que realice por calquera medio ante os medios de comunicación.

3. A difusión deste financiamento municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, audios, vídeos, gravacións, imaxes das actividades coa acreditación da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.)

### **NOVENO.- XUSTIFICACIÓN**

1. Prazo: antes do 5 de novembro de 2022, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A data límite para presentar a xustificación será, por tanto, o 4 de novembro de 2022.

2. Procedemento: en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cubertos por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, deberán asinarse antes do seu envío a través da sede electrónica.

3. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 37.300,00 € (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos, tal e como se indica no parágrafo anterior xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos



## Concello de Vigo

documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores das usuarias, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes da Rede, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2022.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” (Anexo I). Neste documento deberán constar todos os acompañamentos realizados ás usuarias destinatarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das destinatarias, polas persoas voluntarias que realizasen o acompañamento e firmado pola responsable do programa na entidade beneficiaria, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Este documento deberá vir conformado pola presidenta da entidade.

Estas fichas entregaranse con carácter trimestral na Concellería de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionado, en soporte impreso e dixital, que reflectan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste convenio.

### **DÉCIMO. - GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 1 de novembro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022 e de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2022 e que forma parte deste convenio.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2022; ademais serán gastos subvencionables os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do programa (especialmente, e de xeito prioritario as mulleres vítimas de violencia de xénero).

### **DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axetada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas

circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

#### **DÉCIMO SEGUNDO .- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DÉCIMO TERCEIRO.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN**

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos da entidade solicitante, os da súa representante, así como os datos de carácter persoal que facilite ao Concello de Vigo ao abeiro deste convenio, serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención nominativa obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



## Concello de Vigo

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### **DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal para o exercicio 2022 e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, na data da súa sinatura dixital.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(121).- RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE A COMUNICACIÓN DE CESE COMO FUNCIONARIA INTERINA SUBALTERNA. EXPTE. 39363/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 18/02/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral da área, pola xefa da Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 23/03/2017, adoptou acordo polo que se nomeaba interinamente ao Sr. J.A. Villamor Álvarez, con cargo á praza vacante de subalterno incluída na Oferta de Emprego Público de 2016. (expte 29653-220)

O apartado terceiro do referido acordo dispoñía que o referido nomeamento farase “*de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016,...*”

II.- A Xunta de Goberno Local, en data 16/12/2021, acordou a proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira de catro subalternos/as con cargo ás prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público do ano 2016 (expte 38863-220) e o cese do Sr. J.A. Villamor como persoal funcionario interino con cargo á praza vacante de Subalterno/a correspondentes á oferta de emprego público do ano 2016.

III.- O 19/01/2022 foi notificado o referido acordo de cese. O día 15/02/2022 o Sr. Villamor Álvarez interpón recurso de reposición.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente, por ser titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que o 19/01/2022 foi notificado o acto administrativo polo que se acorda o cese do recorrente. O día 15/02/2022 o Sr. Villamor Álvarez interpón recurso de reposición.

II.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

III.- Interpón o Sr. Villamaor recurso de reposición alegando en síntese:

Que prestou servizos durante os períodos seguintes: do 22/06/2012 ata 21/12/2012, do 25/06/2013 ata o 24/12/2013, 04/08/2014 ata o 03/02/2015, dende o 01/09/2015 ata o 29/02/2016, dende 17/10/2016 ata 16/04/2017. O 17/04/2017 ata a data do cese (31/01/2022). Que prestou servizos no mesmo posto de traballo durante todo este tempo, que non se convocou a praza durante eses anos e que o posto de traballo que estaba cubrindo é permanente, estrutural e imprescindible. Invoca a Directiva 199/70/CE do



## Concello de Vigo

Consello, de 28 de xuño, Cláusula 5. Considera que ten dereito a que se lle reintegre na mesma praza na que cesou con data 31 de xaneiro de 2022, ou que subsidiariamente se lle adscriba a unha praza similar na mesma localidade, dende o mesmo día 31 de xaneiro de 2022, anulándose a resolución que motivou o cese. Subsidiariamente solicita que se lle indemnice, tendo en conta que comenzou a prestación de servizos no ano 2012 ata a data.

### **IV.- Nomeamentos interinos no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. (TREBEP)**

O artigo 10 do TREBEP define no noso ordenamento xurídico a natureza do emprego público por referencia a dous parámetros, un de natureza obxectiva e outra temporal: “*Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales con carácter temporal para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:*

- a) La existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4.*
- b) La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.*
- c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.*
- d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses.”*

O artigo 10.3 do TREBEP antes da reforma operada polo RD Lei 20/2021 de 28 de decembro (a nova redacción é aplicable unicamente respecto do persoal temporal nomeado ou contratado con posterioridade a súa entrada en vigor- Disposición Transitoria 2ª da Lei 20/2021-), dispoñía que o cese se produce ademais de polas causas previstas no artigo 63, pola finalización da causa que deu orixe a seu nomeamento. No caso que nos ocupa, sería nos supostos de nomeamento por acumulación de tarefas, o transcurso do prazo; e no caso de nomeamento para a cobertura de vacante, que se ocupase por funcionario de carreira.

Parece necesario lembrar a natureza temporal do funcionario interino, que constitúe súa característica mais esencial. Toda a relación xurídica interina ven conformada por este elemento de temporalidade: dende o seu nacemento, a través de procedementos áxiles; ata as causas que determinan o cese da relación, completamente diferentes ás previstas para os funcionarios de carreira, pois aínda que as aplicables a estes tamén rexen para os funcionarios interinos, o singular da extinción da relación interina é precisamente o cese previsto cando finalicen as causas que permitiron no seu día o nomeamento.

Cuestión diferente é que nos nomeamentos interinos se produzan situacións de duracións indeterminadas da relación, que se produzan situacións abusivas ou fraudulentas, como pode ser por exemplo a inactividade da Administración ao non poñer fin a relación de interinidade ao finalizar o límite temporal ou incumprir a obriga de incorporar a vacante na Oferta de Emprego Público seguinte.

Ningunha das ditas circunstancias ocorreron neste caso. O Sr. Villamor prestou servizos durante os períodos seguintes: do 22/06/2012 ata 21/12/2012, do 25/06/2013 ata o 24/12/2013, 04/08/2014 ata o 03/02/2015, dende o 01/09/2015 ata o 29/02/2016, e dende 17/10/2016 ata 16/04/2017, todos estes períodos baixo a modalidade de acumulación de tarefas, logo da tramitación dos oportunos expedientes acreditadas circunstancias de

urxencia e necesidade. E logo dende o 17/04/2017 ata a data do cese (31/01/2022), ocupando unha vacante incluída na Oferta de Emprego Público de 2016.

A circunstancia temporal dos nomeamentos era perfectamente coñecida polo agora recorrente, e constaba expresamente en todos os acordos de nomeamento, sendo que a Administración respectou todos os prazos e cumpriu a obriga de execución da Oferta de Emprego Público de 2016. Con respecto a este último indicar que constaba expresamente no acordo da Xunta de Goberno Local, (sesión extraordinaria e urxente de 23/03/2017), que nomeaba interinamente con cargo á praza vacante de subalerno (OEP 2016) ao Sr. J.A. Villamor Álvarez, literalmente: “Que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, **extinguíndose automaticamente no momento en que se cubran definitivamente ditas prazas**, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016...”

Igualmente referir que o desenvolvemento dos procesos selectivos para a execución das ofertas de emprego público pendentes, incluído o de subalerno, veuse afectado por unha circunstancia absolutamente imprevisible. O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, acordou a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades que integran a Administración Local e o sector público institucional).

O 1 de xuño reanudáronse o cómputos dos prazos administrativos, non obstante a situación non era oportuna para o desenvolvemento de procesos selectivos, menos procesos masivos. A incidencia na poboación do COVID 19, o número de contaxios, e a situación excepcional fixo necesario retrasar novamente o proceso. Había que extremar as precaucións e garantir a protección da saúde da cidadanía e dos empregados públicos. Así no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, a Resolución de 4 de xuño de 2020, da Dirección Xeral da Función Pública, acorda celebrar as probas presenciais de aqueles procesos selectivos que se estaban desenvolvendo antes da declaración do estado de alarma a partir do 1 de outubro de 2020. Dende marzo ata outubro de 2020, oito meses de obrigado parón de todos os procesos de selección de persoal. Indicar por último, que aínda a día de hoxe, esta pandemia leva consigo unha dificultade engadida na organización e desenvolvemento, xa de por si complicada, dos procesos selectivos de carácter masivo, como son os de subalerno con 591 persoas admitidas. Así a título de exemplo: necesidade de aprobar protocolos de prevención de risco pola COVID; tramitación de contratos para adquisición de máscaras, solución hidroalcohólica; necesidade de sinalización dos recintos, reserva de lugares moitos máis amplos para poder manter en todo momento a distancia de seguridade,...

Polo tanto, en atención a todo o exposto cabe concluír que a **legalidade do cese**, parece evidente que é conforme a dereitos. A Administración respectou todos os prazos e cumpriu a obriga de execución da Oferta de Emprego Público de 2016. O cese e consecuencia da cobertura regrada do posto de traballo por persoal funcionario de carreira, ao non superar o Sr. Villamor o proceso selectivo e producirse a incorporación do funcionario de carreira proposto polo órgano de selección, se da a causa prevista no artigo 10.3 do TREBEP.

En canto a solicitude de **indemnización**, nos remitimos á Sentenza do Tribunal Supremo de 21/07/2020 (R. Casación, nº proc. 102/2018): “... La cuestión de la interpretación y aplicación de la Directiva 1999/70/CE, del Consejo de 28 de junio de 1999, relativa al Acuerdo Marco de la CES, la UNICE y el CEEP sobre el trabajo de duración determinada de suscitada, y en





## Concello de Vigo

particular de sus cláusulas 3, 4, 5 de ha sido objeto de una abundante jurisprudencia por parte del TJUE, además de la sentencia de 14 de septiembre de 2016, asunto C-596/15. Recientemente se ha dictado la sentencia del TJUE de 20 de enero de 2020, asunto C-177/18, que aborda la cuestión que se nos plantea. ...

...Pues bien, la cuestión que se nos suscita está resuelta en la citada STJUE de 20 de enero de 2020, asunto C-177/18, que precisa y concreta la derivada de la sentencia 14 de septiembre de 2016 (asunto C-596/14 y C-16/15), del TJUE. Así, la sentencia de 20 de enero de 2020, cit., declara de forma inequívoca que: "[...] 1) La cláusula 4, apartado 1, del Acuerdo Marco sobre el trabajo de duración determinada, celebrado el 18 de marzo de 1999, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70/CE del Consejo, de 28 de junio de 1999, relativa al Acuerdo Marco de la CES, la UNICE y el CEEP sobre el trabajo de duración determinada, debe interpretarse en el sentido de que no se opone a una normativa nacional que no prevé el abono de indemnización alguna a los funcionarios interinos ni a los funcionarios de carrera cuando se extingue la relación de servicio, mientras que prevé el abono de una indemnización al personal laboral fijo cuando finaliza el contrato de trabajo por concurrir una causa objetiva. 2) Los artículos 151 TFUE y 153 TFUE y la cláusula 4, apartado 1, del Acuerdo Marco sobre el trabajo de duración determinada, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70, deben interpretarse en el sentido de que no se oponen a una normativa nacional que no prevé el abono de indemnización alguna por cese a los funcionarios interinos, mientras que al personal laboral temporal se le concede una indemnización cuando finaliza el contrato de trabajo".

**SEXTO.-La doctrina sobre la cuestión de interés casacional. La legislación española sobre función pública, que no prevé el abono de indemnización alguna a los funcionarios interinos, ni a los funcionarios de carrera cuando se extingue la relación de servicio, no se opone a la cláusula 4, apartado 1, del Acuerdo Marco sobre el trabajo de duración determinada, celebrado el 18 de marzo de 1999, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70/CE del Consejo, de 28 de junio de 1999, relativa al Acuerdo Marco de la CES, la UNICE y el CEEP sobre el trabajo de duración determinada...."**

Mais recentemente a STS de 05/10/2021, incluso no caso de nomeamento non xustificadas de persoal interino, se pronuncia nos seguintes termos: ***"En cuanto a la segunda cuestión de interés casacional objetivo, deben hacerse básicamente dos consideraciones. En primer lugar, cuando se comprueba que la Administración ha hecho nombramientos no justificados de personal interino -o, más en general, de duración determinada- la respuesta no puede ser aplicar criterios de la legislación laboral. Es perfectamente sabido que la relación estatutaria de servicio se rige por el Derecho Administrativo y consiste, entre otras cosas, en la aceptación por el empleado de una serie de reglas que conforman un "estatuto" en gran medida heterónomo. En este sentido, no hay ninguna identidad de razón con la legislación laboral, por lo que carece de fundamento que los tribunales la apliquen en este ámbito, ni siquiera como fuente de inspiración. En segundo lugar, dado que no puede ser el cese ajustado a Derecho lo que ocasione un daño susceptible de indemnización, ésta sólo tendría fundamento si mientras duró la situación de interinidad y como consecuencia de la misma se produjo una lesión física o moral, una disminución patrimonial o una pérdida de oportunidad que el empleado público interino no tuviera el deber jurídico de soportar. Pero esto -tal como esta Sala ya tuvo ocasión de explicar en las sentencias de 26 de septiembre de 2018, citadas en el auto de admisión de este recurso de casación- pasa por presentar una reclamación por daños efectivos e identificados con arreglo a las normas generales en materia de responsabilidad patrimonial***

*de la Administración y, por supuesto, acreditar tales daños; algo que ni siquiera se ha intentado en este caso. En otras palabras, **el mero hecho de haber sido personal interino durante un tiempo más o menos largo, incluso si ha habido nombramientos sucesivos no justificados por la Administración, no implica automáticamente que haya habido un daño.** La recurrida no hace indicación alguna sobre el perjuicio o la lesión que le habría ocasionado la mera circunstancia de haber sido interina...*

*...Nada impide al legislador, si lo considera oportuno, establecer alguna clase de compensación para situaciones como la aquí examinada. Esto es, por cierto, lo que hace pro futuro el reciente Real Decreto-Ley 14/2021, de 6 de julio, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo. Y no deja de ser significativo que a este respecto use la expresión "compensación económica", en vez de "indemnización", dando a entender que está fuera de la esfera de la responsabilidad patrimonial de la Administración."*

Efectivamente, o artigo 1 da recente Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, introduce no TREBEP a Disposición Adicional 17ª que prevé, para o caso do incumprimento do prazo máximo de permanencia, unha compensación económica para os funcionarios interinos. Pero o dereito á compensación económica, non lle corresponde ao recorrente, toda vez que, como xa expuxemos anteriormente, as previsións contidas no artigo 1 da Lei 20/2021, segundo o disposto na súa disposición transitoria 2ª), serán de aplicación unicamente respecto do persoal temporal nomeado ou contratado con posterioridade a entrada en vigor da lei, e dicir a partir do 30 de decembro de 2021.

En atención a todo o exposto, visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** De conformidade co Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente en todas as súas peticións, o recurso interposto en data 15/02/2022 polo Sr. J.A. Villamor Álvarez, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/12/2021, polo que se acorda a proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira de catro subalternos/as con cargo ás prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público do ano 2016 (expte 38863-220) e o cese do Sr. Villamor como persoal funcionario interino con cargo á praza vacante de Subalterno/a correspondente á referida oferta.

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."



## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(122).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “HUMANIZACIÓN DA RÚA TEIXUGUEIRAS ENTRE A RÚA LAMELAS E O ACCESO PEONIL AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20”. EXPTE. 5308/443.**

Visto o informe de fiscalización do 16/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/2022, asinado pola técnica de xestión da Área de Servizos Xerais, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 9 de agosto de 2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de humanización da Rúa Teixugueiras a favor da empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L.

II.- A empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L. presentou borrador de proxecto construtivo de “HUMANIZACIÓN DA RUA TEIXUGUEIRAS ENTRE A RÚA LAMELAS E O ACCESO PEONIL O BARIO DE NAVIA DENDE A VG-20”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 18 de novembro de 2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 19 de novembro de 2021 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.-A actuación se desenrola na rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil a VG-20e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retirada do bordos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación dos colectores de saneamento tanto de fecais como pluviais cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros, pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coa redes existentes. A continuación procederáse ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%., para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumeado público e semaforización, segundo os esquemas do

proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa, no referente ao abastecemento prevese o mantemento da rede actual que transcorre pola galería, sendo necesario a reposición das conexións, a os edificios existentes.

- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederase a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor e acabado con lousa de formigón ecolóxico, en varios cores segundo se define no proxecto. Nos vados de acceso de vehículos propónse o acabado de adoquín de granito, asentado sobre cama de morteiro de 5 cm., e posterior soleira de formigón HM-20 de 20 cm., de espesor. Así mesmo entre calzada e beirarrúa colocárase o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Na zona de rodadura previo reposición de zona firmes nas gabias a base de Formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuarase o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mezcla bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, segundo deseño de proxecto coa corresponde rede de rego, nova instalación de farois de alumado público, con previa renovación da canalización, fora da galería actual, propondo puntos de reforzo de iluminación nos pasos de peóns. Nova rede de semaforización nos cruces de calzadas.
- Nova instalación de sinalización verticais, así como pintado de sinalización, nova instalación de papeleiras e bancos.
- Como elemento decorativo ademais de novas esculturas se propón un elemento singular "TOTEM INTERACTIVO" a ubicar na praza que existe entre os números 18 e 20.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (NOVE) 9 meses.

**V.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 14 de febreiro de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*

*A actuación proposta a efectos urbanísticos actuase sobre un vial xa existente, xerando unha maior dotación de espazos lúdicos e zona transitábel, non alterando os usos existentes na actualidade, polo tanto a proposta esta axeitada a norma urbanística, tanto no planeamento actual como na proposto de novo planeamento en fase de exposición.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

**CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do*



## Concello de Vigo

*contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”*

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA TEIXUGUEIRAS ENTRE A RÚA LAMELAS E O ACCESO PEONIL O BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20**”, redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS SETECENTOS DEZ MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (2.710.552,23 EUROS), de data Novembro de 2021 e con sinatura dixital de data 11.02.2022.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(123).- ADDENDA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 182/441.**

Visto o informe xurídico do 17/02/2022 e informe de fiscalización do 18/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2022, asinado pola técnica de xestión Servizos Xerais, polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de abril de 2019, entre outros asuntos acordou "Aprobar o *CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA*" así como "Aprobar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar as obrigacións do Concello de Vigo en materia de financiación contempladas na cláusula 3ª do Convenio de 66.667,00 euros".

Dito convenio foi asinado entre as partes con data 12 de abril 2019.

2.- En data 10 de decembro de 2019 (BOE nº9 do 10 de xaneiro de 2020) outorgouse unha addenda modificativa pola que se modificaba a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2022 e os importes das anualidades establecidas no convenio orixinal, quedando establecidas do seguinte modo:

	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, O.A.				



## Concello de Vigo

	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	63.333,50 €	3.333,50 €	66.667,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>0,00 €</b>	<b>190.000,00 €</b>	<b>10.000,00 €</b>	<b>200.000,00 €</b>

3.- Asemade, en data 1 de decembro de 2020 (BOE nº 27 de 1 de febreiro de 2021) outorgouse unha segunda addenda pola que se reaxustaban os importes das anualidades establecidas, quedando as mesmas do seguinte modo:

	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	30.000,00 €	36.666,50 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	30.000,00 €	36.666,50 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	30.000,00 €	36.667,00 €	66.667,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>0,00 €</b>	<b>90.000,00 €</b>	<b>110.000,00 €</b>	<b>200.000,00 €</b>

4.- Con data 2 de decembro de 2021 dende a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (CHMS), remítese para a súa revisión borrador da terceira adenda modificativa ao antedito convenio, co obxecto de poder adecuar as anualidades contempladas ao escenario actual da execución, quedando establecidas do seguinte modo:

	2019	2020	2021	2022	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	19.541,30 €	32.009,54 €	15.115,66 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	24.766,94 €	26.776,48 €	15.123,08 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	30.000,00 €	21.543,43 €	15.123,57 €	66.667,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>0,00 €</b>	<b>74.308,24 €</b>	<b>80.329,45 €</b>	<b>45.362,31 €</b>	<b>200.000,00 €</b>

En data 29 de decembro de 2021, recíbese a devandita adenda asinada polo Presidente da CHMS e pola Presidenta de Augas de Galicia, para a súa posterior firma polo Alcalde do Concello de Vigo.

5.-Respecto ao estado dos créditos para facer fronte as obrigas económicas estipuladas no Convenio, o mesmo recolle o compromiso do Concello de Vigo de achegar un total de 66.667 euros durante a súa vixencia.

Ata o mes de setembro de 2021, foron acreditados gastos dende o inicio de actuacións obxecto do convenio por importe total de 98.607,95 €, correspondéndolle ao Concello de Vigo o 33,33%, é dicir, a cantidade de 32.866,03 euros, as cales foron abonados en distintas datas, trala preceptiva presentación dos documentos contables, certificacións e facturas das obrigas contraídas, polo que a data de hoxe, quedan pendentes un total de 33.800,97 euros.

No orzamento vixente, na aplicación orzamentaria 1610.723.00.90 existe crédito suficiente para facer fronte ás obrigas pendentes do convenio, é dicir, a cantidade restante correspondente á anualidade do ano 2021 (18.677,40 €) e cantidade correspondente á anualidade do ano 2022 (15.123,57 €).

## **II.- PROPOSTA DE ADDENDA MODIFICATIVA E PRÓRROGA DO CONVENIO:**

1.- Que conforme ao establecido no apartado primeiro da Cláusula cuarta do Convenio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.

2.- Que conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

3.- Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e orzamentaria, e atendendo ao estado das actuacións obxecto do Convenio, a Confederación Hidrográfica propón que dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar outra previsión de anualidades, polo que procede modificar as achegas económicas, para a boa marcha e execución do Convenio.

4.- Esta modificación efectuarase respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo e correspondese coas seguintes:

**PRIMEIRA.-**Obxecto da addenda

O obxecto da presente addenda é modificar os importes das anualidades vixentes do Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Ou.A., a Entidade Pública





## Concello de Vigo

Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo para a mellora da garantía do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra.

SEGUNDA.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	2019	2020	2021	2022	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	19.541,30 €	32.009,54 €	15.115,66 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	24.766,94 €	26.776,48 €	15.123,08 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	30.000,00 €	21.543,43 €	15.123,57 €	66.667,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>0,00 €</b>	<b>74.308,24 €</b>	<b>80.329,45 €</b>	<b>45.362,31 €</b>	<b>200.000,00 €</b>

### III.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da modificación do convenio.

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade ao texto da adenda do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar o texto da TERCEIRA ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, de acordo co texto que se anexa a este expediente e que recolle as seguintes modificacións:

*PRIMERA.- Objeto de la adenda*

*El objeto de la presente adenda es modificar los importes de las anualidades vigentes del Convenio entre la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., la Entidad Pública Empresarial Augas de Galicia y el Ayuntamiento de Vigo para la mejora de la garantía del abastecimiento en la zona sur de la provincia de Pontevedra.*

**SEGUNDA.-** *Modificación del Anexo I.*

*Se modifica el Anexo I Anualidades, que queda establecido del siguiente modo:*

	<b>2019</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>	<b>TOTAL</b>
<b>CHMS, O.A.</b>	0,00 €	19.541,30 €	32.009,54 €	15.115,66 €	66.666,50
<b>AUGAS DE GALICIA</b>	0,00 €	24.766,94 €	26.776,48 €	15.123,08 €	66.666,50
<b>AYUNTAMIENTO DE VIGO</b>	0,00 €	30.000,00 €	21.543,43 €	15.123,57 €	66.667,00
<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>	<b>74.308,24</b>	<b>80.329,45</b>	<b>45.362,31</b>	<b>200.000,00</b>

**TERCERA.-** *Eficacia.*

*La presente adenda modificativa resultará eficaz una vez inscrita en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal. Adicionalmente, será publicado en el Boletín Oficial del Estado, según lo dispuesto en el artículo 48.8 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector público.*

**Segundo.-** Dar traslado deste Acordo a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e á Entidade Pública empresarial Augas de Galicia para a subscrición da segunda addenda modificativa ao convenio.

**Terceiro.-** Dar conta do presente Acordo á Concellería de Xestión municipal aos efectos de publicidade.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### TERCEIRA ADENDA MODIFICATIVA DO CONVENO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A., A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

No lugar e data da sinatura electrónica

#### REUNIDOS

##### Por unha parte,

José Antonio Quiroga Díaz, Presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Organismo Autónomo adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, nomeado por Resolución da Subsecretaría para a Transición Ecolóxica, de data 31 de xullo de 2018, por delegación do Secretario de Estado de Medio Ambiente (Orde APM/484/2018 de 8 de maio, BOE de 11 de maio de 2018), no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 48.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o artigo 30 do Texto Refundido da Lei de Augas, segundo a redacción dada ao mesmo polo Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, en relación coas funcións e atribucións que os artigos 23 e 24 de devandita disposición legal atribúenlles aos organismos de conca.

##### Por outra banda,

Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, de 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro.

##### Por outra banda,

Abel Ramón Caballero Álvarez, alcalde do concello de Vigo, nomeado na sesión constitutiva do Pleno de data 15 de xuño de 2019, en exercicio das atribucións conferidas pola lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e polo artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

#### MANIFESTAN

I.- Que en data 12 de abril de 2019 (BOE número 112, de 10 de maio de 2019) outorgouse o Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo co obxecto de determinar as condicións da colaboración entre os outorgantes para realizar un estudo de alternativas, que determine a proposta máis adecuada de mellora da regulación e almacenamento de auga, de modo que se garanta o abastecemento na zona de Vigo e a zona Sur da provincia de Pontevedra, e a partir das conclusións obtidas neste estudo, realizar o correspondente estudo de impacto ambiental.

II.-Que en data 10 de decembro de 2019 (BOE número 9 de 10 de xaneiro de 2020) otorgouse unha addenda modificativa pola que se modificaba a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2022 e os importes das anualidades establecidas no convenio orixinal.

III.- Que en data 1 de decembro de 2020 (BOE número 27 de 1 de febreiro de 2021) otorgouse una segunda addenda modificativa pola que se reaxustaban de novo as anualidades establecidas.

IV.- Que conforme ao establecido no apartado primeiro da Cláusula cuarta do Convenio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.

V.- Que, conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

VI.- Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e orzamentaria, e atendendo ao estado das actuacións obxecto do Convenio, esta Confederación Hidrográfica dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha previsión de anualidades, polo que procede modificar as achegas económicas, para a boa marcha e execución do mesmo.

VII. Esta modificación efectuarase respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo.

A tal fin, en vista do manifestado anteriormente, as partes acordan subscribir a presente modificación ao convenio de referencia, con arranxo ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto da addenda**

O obxecto da presente addenda é modificar os importes das anualidades vixentes do Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo para a mellora da garantía do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra.

### **SEGUNDA.- Modificación do Anexo I.**

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:



## Concello de Vigo

	2019	2020	2021	2022	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00	19.541,30	32.009,54	15.115,66	66.666,50
AUGAS DE GALICIA	0,00	24.766,94	26.776,48	15.123,08	66.666,50
CONCELLO DE VIGO	0,00	30.000,00	21.543,43	15.123,57	66.667,00
<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>	<b>74.308,24</b>	<b>80.329,45</b>	<b>45.362,31</b>	<b>200.000,00</b>

### TERCEIRA.- Eficacia.

A presente addenda modificativa resultará eficaz unha vez inscrita no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal. Adicionalmente, será publicada no Boletín Oficial do Estado, segundo o disposto no artigo 48.8 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector público.

Manifestando a súa conformidade con todo o anterior, asinan o presente documento no lugar e data da sinatura electrónica.

### **16(124).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO DUNHA LUDOTECA DE INTEGRACIÓN NO ANO 2022. EXPTE. 9439/336.**

Visto o informe xurídico do 09/02/2022 e o informe de fiscalización do 16/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 28/01/2022, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o CONCELO DE VIGO e a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2022.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do Rúa Sagunto 86, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002, contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.03 cunha dotación de 24.500 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 17:00 e 20:00 hs., excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo.

A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Mestre/a de Educación Infantil que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión da Ludoteca de Integración durante o ano 2022. Esta subvención cun importe de 24.500 € establécese a través dun convenio coa ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP".



## Concello de Vigo

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA LUDOTECA DE INTEGRACIÓN.**

En Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil vintedous

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, dona **MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO**, na súa calidade de **CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude da MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DE ÁREA de 17 de agosto de 2020 que modifica a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolución de data 13.08.2020 respecto do punto segundo da parte resolutiva , apartados 3, 5, 8, 10, 12, 15 e engade un novo apartado 16; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais función que lle foron concedidas por razón do seu cargo.

Doutra, D. **DANIEL VARELA LAGO**, con DNI: 36012389R como presidente da **ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP"** (en adiante A ASOCIACIÓN), C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 9439/336

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

#### **MANIFESTAN**

I.- Que a ASOCIACIÓN ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con discapacidade psíquica-física de calquera índole adquiran os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar.

Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellería de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

**II.-** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) dá Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 dá lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.

**III.-** Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a ASOCIACIÓN, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

**IV.-** Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 24.500 euros, a favor da ASOCIACIÓN

**V.-** Que a ASOCIACIÓN non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 9439/336

**VI.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,

## **CLÁUSULAS**





## Concello de Vigo

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

### **SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

A ASOCIACIÓN comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- 2.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmovible da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas.
- 3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.
- 4.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.
- 5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.
- 6.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.
- 7.- Mensualmente entregará ao Servizo de Xuventude a programación das actividades a desenvolver, así como un informe en formato dixital da evolución do servizo e traballo realizado no que deberá incluír:
  - Número de altas e baixas de usuarios e usuarias (sexo, idade e código postal).
  - Actividades realizadas, incluíndo o número de participantes en cada unha delas, así como fotografías das mesmas.Estes informes deberán ser entregados dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á realización das actividades.
- 8.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

Pola súa banda, **o Concello de Vigo**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:

1.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 24.500 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de dinamización infantil no ano 2022.

### **TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio enténdese vixente e surte efectos **desde o 21 de novembro de 2021 ao 20 de novembro de 2022**, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.

O presente convenio non será prorrogable.

### **CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 32.704,02 TRINTA E DOUS MIL SETECENTOS CATRO CON CERO DOUS EUROS).

O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de **24.500,00 € (vinte e catro mil cincocentos euros)**.

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.03 Subvención Ludoteca APAMP do vixente presuposto municipal.

### **QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral deberá destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Diplomado/a Mestre/a de Educación Infantil.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e identidade sexual.

A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.



## Concello de Vigo

A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

### SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O prazo de xustificación **finalizará o 20 de novembro de 2022**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE**

A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.

O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.

### **OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN**

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria

Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.03.

- A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (12.250 €).
- O 50% restante por importe catorce mil euros (12.250 €), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de



## Concello de Vigo

17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

### **NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN**

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei

### **DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **21 de novembro de 2021 e o 20 de novembro de 2022**. O IVE soportado, que deberá constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Serán gastos directos subvencionables os que figuran a continuación:

- a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.
- b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.
- c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades
- d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.

En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.

Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.

En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.

De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.**

A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:

1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.
2. Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.
3. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar canta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.
5. Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.
6. Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de



## Concello de Vigo

responsabilidade. A tal fin, deberá contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.

7. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
9. A ASOCIACIÓN será a responsable de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en relación ao COVID-19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.

O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar

incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

#### **DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.

#### **DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento dá Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza





## Concello de Vigo

ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedente da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
2. Acordo unánime de todos os asinantes.
3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

### **DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica

das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

#### **VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

A Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude  
APAMP

Presidente de

Asdo: María del Carmen Lago Barreiro  
Lago

Asdo: Daniel Varela

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** "Aprobación do texto do convenio para desenvolver a actividade de Ludoteca Inclusiva dirixido a nenas e nenos de 4 a 10 anos, entre o CONCELO DE VIGO e a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" que se adxunta o presente expediente.



## Concello de Vigo

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 24.500 euros a favor da entidade CONCELO DE VIGO e a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP", C.I.F. G36624120 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.03 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 12.250€ correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (12.250 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

**CUARTO:** Facultar á Concelleira de Xuventude, María del Carmen Lago Barreiro para a sinatura do presente convenio".

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de aprobación, Memoria de obras de interese social a presentar na convocatoria de axudas e subvencións para a contratación temporal de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptor de RISGA. ano 2022. Expte. 18967/77.

.- Aprobación da participación do Concello de Vigo no "Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023". Expte. 1198/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**17(125).- PROPOSTA DE APROBACIÓN, MEMORIA DE OBRAS DE INTERESE SOCIAL A PRESENTAR NA CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTOR DE RISGA. ANO 2022. EXPTE. 18967/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 17/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia núm. 21, do martes 1 de febreiro de 2022, a consellería de Emprego e Igualdade vén de publicar a *“ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR351F).”*

A través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un periodo de contratación subvencionable de nove (9) meses e a xornada de traballo será como máximo do 75%, non podendo, en ningún caso, ser inferior ao 50%, de persoas en situación ou risco de exclusión social cunha antigüidade mínima de seis meses como perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- **Beneficiarias:** persoas perceptoras da RISGA e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.
- **Máximo** de ata 40 contratacións, tendo en conta que Vigo ten máis de 700 persoas perceptoras da RISGA.
- **A axuda** abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade, en concepto de retribución ás persoas participantes, que o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



## Concello de Vigo

- O prazo de presentación de solicitudes remata o 1 de marzo de 2022.

É por isto que dende a Concellería de Cultura e Emprego solicitouse ao departamento municipal de Mantemento de Vías Municipais dependente da Área de Fomento e Servizos, actuacións de interese para o seu ámbito competencial que puidesen acollerse a esta subvención.

Para o presente ano 2022 e, de resultas desta solicitude, o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local xunto co servizo de Fomento achegan memoria, por un importe total de **470.852,64 €** resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de **40** persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que existiría unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, vixente para este ano e coas táboas salariais actualizadas a efectos desde 01/01/2022, logo da actualización salarial tramitada en expediente 18945/77 (conforme á Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado), e ás actualizacións que resultan de aplicación do Salario Mínimo Interprofesional.

Resúmense no cadro que se xunta á presente proposta os datos básicos da memoria achegada polo servizo que finalmente serán presentados á convocatoria de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA neste ano 2022, especificando, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), cun período de contratación de 9 meses e unha xornada do 75%.

### **Memoria: “Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo II”**

**N.º persoas a contratar: 40**

**Custos Salariais: 470.852,64 €**

#### PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- **Desenvolvemento Local e Emprego**
  - 9 meses e co 75% da xornada (28 horas 7,5 minutos semanais)

Para o desenvolvemento das actividades previstas na memoria a aportación económica do Concello de Vigo contempla os seguintes gastos que se relacionan a continuación:

◦ 1532 2100000 CONSERVACIÓN DE VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS	<b>31.411,67€</b>
◦ 2410 2210400 VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO	<b>8.176,00€</b>
◦ 2410 2210400 EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	<b>6.836,87€</b>
◦ 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	<b>13.890,80€</b>
◦ 2410 2279913 FORMACIÓN	<b>10.770,00€</b>
◦ 2410 2260200 CARTEIS	<b>350,00€</b>

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Con carácter previo á adopción do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello, sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que deriven do outorgamento da subvención.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

- 1. Aprobar a memoria do departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego, "**Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo II**", que se xunta para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2022 (código de procedemento TR351F), e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.*
- 2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **470.852,64 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.*
- 3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.*
- 4. Delegar no concelleiro de Cultura e Emprego, D. Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **18(126).- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023”. EXPTE. 1198/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 22/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/02/2022, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- Mediante resolución do 29.12.2021 da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural foi aprobada a concesión directa, mediante resolución, “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023”, dirixidas ao fomento a promoción dos investimentos en infraestruturas relacionadas coas explotacións e, en particular, a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade ás explotacións agrarias. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características .

No Anexo II figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 83.518,00 €, distribuídas en dúas anualidades, 19.961,00€ na anualidade do 2022 e 63.557,00€ en 2023.

Non serán elixibles os seguintes gastos:

1. As partidas a tanto global.
2. O imposto do valor engadido (IVE)
3. Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de iluminación, abastecemento e saneamento de augas fecais..
4. Os gastos de redacción de proxecto nin os de estudos necesarios para a súa redacción.
5. Os gastos por dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outros servizos complementarios.
6. Gastos por taxas ou licenzas necesarias.
7. O panel de obra.

As obras ás que o Concello de Vigo pretende aplicar a cantidade asignada son as de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”.

Entre os gastos citados como non elixibles no PLAN, o Concello de Vigo terá que soportar os correspondentes ao imposto do valor engadido (IVE), a partida 03.02. PA imprevistos, cunha contía de 3.200,00€ en execución material, ademais do panel de obra, necesario para dar cumprimento á obriga de publicidade, nos termos previstos no artigo 17 da Resolución do 29 de decembro de 2021, para a concesión directa, mediante resolución, do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023”.

II.- O procedemento a seguir será o seguinte:

- Presentación da solicitude do Concello de Vigo ante AGADER, acompañada da documentación que figura no artigo 8 e 9 das Normas para a xestión do procedemento de concesión directa do “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023”:

*“Xunto co formulario normalizado de solicitude de axuda (anexo IV), que a aplicación informática xerará de forma automática, os concellos interesados deberán achegar a seguinte documentación:*

- a) *Proxecto de obra, nos termos previstos no artigo 4.4.a) destas normas.*
- b) *Certificación expedida pola persoa titular da Secretaría da entidade local, acreditativa dos seguintes aspectos:*
  - 1º. *Da designación legal do representante da entidade solicitante.*
  - 2º. *Do acordo da entidade municipal relativo á participación neste plan de mellora de camiños.*
  - 3º. *Da titularidade municipal dos camiños.*
- c) *Certificación da persoa titular da Secretaría ou da Intervención municipal acreditativa de que a entidade solicitante remitiu ao Consello de Contas as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigada. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude da axuda.*
- d) *Informe do/da técnico/a municipal competente, onde se indicando:*
  - 1º. *Intervencións realizadas en cada unha das actuacións propostas no proxecto nos últimos 5 anos, sinalarase, de ser o caso, a natureza das obras, ano e procedencia dos fondos financeiros das citadas intervencións.*
  - 2º. *Se para executar as obras resulta necesaria a dispoñibilidade de terreos privados lindeiros coas actuacións propostas. En caso afirmativo, xunto con este informe deberán remitirse os documentos acreditativos das cesións ou autorizacións das persoas propietarias dos terreos afectados.*
  - 3º. *Se o proxecto cumpre coa lexislación urbanística e sectorial, así como co planeamento en vigor.*
  - 4º. *Se para a execución das obras resultan necesarios permisos e/ou autorizacións sectoriais, con indicación daqueles que se deben incorporar ao expediente.”*

- *Solicitude por parte do Concello de Vigo a AGADER de levantamento de Acta de non inicio da obra previamente á aprobación da solicitude realizada.*
- *Notificación ao Concello de Vigo de que a actuación pode ser incluída no PLAN.*

**III.-** Polo departamento de Fomento, preséntase proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CINCO MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (95.454,27 €) e data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 24/02/2021.

Dito proxecto prevé as seguintes actuacións:

- Preparación de camiño por medios manuais ou mecánicos en 772,00m<sup>2</sup>.
- Corte de pavimento asfáltico ou de formigón nunha lonxitude de 75,00m.





## Concello de Vigo

- Fresado de espesor 5cm en 2.100,00m<sup>2</sup>, rego de adherencia e extensión de capa de rodaxe AC16 surf 50/70D de espesor 5cm, posterior recrecido e posta en rasante dos pozos de servizos existentes, contabilizáronse 8 unidades, así como 36 rexistros de formigón e reposición de 6 tapas de fundición.
- Reporase a marca viaria dos bordos de calzada nunha lonxitude de 2.316m e 100 metros cadrados de marca viaria reflexiva.
- Tense en conta a xestión dos residuos xerados polos traballos, así como o capítulo correspondente á seguridade e saúde.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 3 meses.

**IV.-** O camiño Valada (Valadares) é de titularidade municipal, polo que dispónse da totalidade dos terreos para a execución das obras. Non se require de ocupación de terreos adicionais, para a execución dos traballos previstos, fora do ámbito da propia vía.

**V.-** Con data 1 de marzo de 2021, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobación do proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (95.454,27 €) e data febreiro de 2020 e sinatura dixital de data 24/02/2021.

**VI.-** Os prezos das unidades de obra son os que figuran no cadro de prezos vixentes do SEAGA, que cumpren co establecido nas normas para a xestión do procedemento de concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023.

**VII.-** O orzamento do proxecto é de 66.292,29€ en execución material, que, aplicándolle a porcentaxe do 13 % en concepto de gastos xerais e do 6 % en concepto de beneficio industrial, resulta a cantidade de 78.887,83 euros e aplicando a dito importe o porcentaxe do 21 % en concepto de IVE, resulta a cantidade de 16.566,44 euros en concepto de IVE, ascendendo o orzamento base de licitación a un total de 95.454,27 euros.

O orzamento base de licitación sen IVE, de 78.887,83 euros, supón unha cantidade menor en 4.630,17€ á asignación máxima da axuda para o Concello de Vigo. Tendo ademais en conta o estipulado nas bases sobre as partidas a tanto alzado, no caso do proxecto existe a partida 03.02 de imprevistos, con contía de 3.600€ en execución material, o que supón 4.284,00€ a descontar na contía do proxecto susceptible de ser subvencionada. O orzamento susceptible de subvención é de 74.603,83€.

Polo tanto, a porcentaxe susceptible de asignación con cargo ao PLAN respecto ao orzamento do proxecto “MELLORA E REFORZO DO FIRME NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, é dun 94,57%, cun restante 5,43% que será financiado polo Concello de Vigo con cargo a fondos propios da Concellería de Fomento, na partida orzamentaria 1532.210.0000 (CONSERVACIÓN DE VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS).

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local que, previo informe da fiscalización da Intervención Xeral, se adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Designar ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños, con D.N.I. 36.100.978-V, como representante do Concello de Vigo ante a Consellería de Medio Rural e do Mar, para os trámites que sexan precisos, para a obtención das axudas para a concesión directa, mediante resolución, previstas para este Concello no “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023”.

**SEGUNDO.-** Aprobar a participación do Concello de Vigo no “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023”.

**TERCEIRO.-** Remitir o presente acordo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no Plan Marco.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(127).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

RS.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

A PRIMEIRA TTE. DE ALCALDE (RA 23/02/2022)  
M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego.